

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I0T3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-05-16 13:06

Número 29 .- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á ampliación do contrato de mantemento dos ascensores dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

Destinatario

15078DCMG10I0T3i



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

**29 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE CENTROS SOCIOCULTURAIIS RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DOS CENTROS SOCIOCULTURAIIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais, de data 27 de abril de 2016, así como do informe do xefe de sección de Contratación, de data 25 de abril de 2016, conformado coa mesma data polo director da Asesoría Xurídica municipal.

Figura así mesmo, o informe de Intervención nº 222/2016 da técnico de Intervención, de 18/maio/2016, conformado pola Interventora municipal coa mesma data.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Branca Novo Rey, concelleira delegada de centros socioculturais, en virtude das competencias atribuídas por decreto desta Alcaldía de data 16/06/2015, EXPÓN:

Que con data 25 de abril de 2016, o xefe de sección de contratación emitiu informe xustificativo sobre a ampliación do contrato de mantemento dos ascensores dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, que literalmente indica:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10IOT3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-05-16 13:06

"Preséntase proposta do departamento municipal de centros socioculturais para a incorporación do ascensor da Casa das Asociacións de Cornes ó seu contrato de mantemento de ascensores.

Efectivamente, con data 9 de decembro de 2014 formalizouse contrato coa empresa SCHINDLER SA para o mantemento dos ascensores dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (A Rocha, A Trisca, Vite, Fontiñas, Castiñeiriño e Santa Marta) por un importe de 40 euros/mes/ascensor IVE aparte (21% 8'40 euros) e cunha vixencia de catro anos prorrogables.

Fundamentos xurídicos:

A Lei 2/2011, de Economía Sostible, introduciu cambios importantes na regulación que da modificación dos contratos recollía a Lei de contratos do sector público, cambios que se incorporaron ó vixente Texto refundido da Lei (en adiante TRLCSP).

Esta reforma mantén as liñas esenciais da esixencia de razóns de interese público para levar a cabo unha modificación, que ésta esté expresamente recollida no prego de aplicación, que se deba a causas imprevistas inequivocamente motivadas ou que non afecte as condicións esenciais do contrato. Sen embargo, marca nos artigos 105 a 108 do TRLCSP, unha nova liña de actuación, ó distinguir entre as modificacións previstas de xeito concreto na documentación que rexe a licitación e as non previstas nesta documentación.

No contrato que nos ocupa, e en consideración á previsible constante evolución do seu obxecto, coa incorporación de novas instalacións, preveuse no prego a posibilidade de futuras ampliacións do servizo, incorporando na mesma definición do seu obxecto a seguinte consideración:

"Dadas as condicións propias dun contrato destas características, a enumeración dos centros incluídos non resulta limitativa de posteriores ampliacións do seu obxecto, derivadas da necesidade de incorporar aparellos integrados en outras instalacións da rede de centros".

A estes efectos, o propio contrato aprobouse, tal e como se sinalou anteriormente, cun prezo unitario de aplicación a futuras ampliacións, constando a conformidade da empresa contratista para asumir esta nova instalación.



2

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I0T3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-05-16 13:06

### Conclusión

Se ben podería parecer cunha lectura superficial que o prego de aplicación non cumpre estrictamente os requerimentos do artigo 106 do TRLCSP para as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación, non prevéndose naquel momento a incorporación deste centro concreto, entendo, sen embargo, que se axusta a estes requerimentos dada a simplicidade e invariabilidade da prestación contratada e do xeito de fixar o prezo de futuras ampliacións, así como a pequena contía das mesmas, combinado coa aplicación do límite xeral do 10% establecido como máximo no artigo 107.3.c) para considerar unha modificación como sustancial.

Polo tanto, á vista de canto antecede, infórmase favorablemente a ampliación do contrato de mantemento dos ascensores dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela suscrito coa empresa SCHINDLER SA por un importe de 40 euros/mes/ascensor (IVE aparte 21%: 8'40 euros), para incluír o que presta servizo na Casa das Asociacións de Cornes, o que suporá un incremento do importe anual do contrato de 480 euros (IVE aparte 21%: 100'80 euros), estando xustificadas as esixidas razóns de interese público por evidentes na propia natureza da prestación e non afectando esta modificación as condicións esenciais do contrato.

Este acordo formalizarase en documento administrativo, e conlevará o reaxuste da garantía definitiva".


Visto o exposto realízase a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Ampliar o contrato de mantemento dos ascensores dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela suscrito coa empresa SCHINDLER SA por un importe de 40 euros/mes/ascensor (IVE aparte 21%: 8'40 euros), para incluír o que presta servizo na Casa das Asociacións de Cornes, o que suporá un incremento do importe anual do contrato de 480 euros (IVE aparte 21%: 100'80 euros).

Este acordo formalizarase en documento administrativo, e conlevará o reaxuste da garantía definitiva.

O gasto satisfacerase con cargo a aplicación orzamentaria 090 33404 21200, de acordo co seguinte desglose por anualidades:



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I0T3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-05-16 13:06

Anualidade 2016: 387'20 euros.  
Anualidade 2017: 580'80 euros.  
Anualidade 2018: 580'80 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Ampliar o contrato de mantemento dos ascensores dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela subscrito coa empresa SCHINDLER SA por un importe de 40 euros/mes/ascensor (IVE aparte 21%: 8'40 euros), para incluír o que presta servizo na Casa das Asociacións de Cornes, o que suporá un incremento do importe anual do contrato de 480 euros (IVE aparte 21%: 100'80 euros).

Este acordo formalizarase en documento administrativo, e conlevará o reaxuste da garantía definitiva.

O gasto satisfacerase con cargo a aplicación orzamentaria 090 33404 21200, de acordo co seguinte desglose por anualidades:

Anualidade 2016: 387'20 euros.  
Anualidade 2017: 580'80 euros.  
Anualidade 2018: 580'80 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



**SECRETARÍA  
CONCELLO DE SANTIAGO**